

A avaliación do alumnado

Índice

1. Introducción.....	4
2. Para que avaliamos?.....	5
a) Avaliación Formativa:.....	5
b) Avaliación Sumativa:.....	6
c) Estratexias de Avaliación.....	6
3. Como é a avaliación formativa?.....	7
4. Propósito da avaliación formativa.....	8
a) O primeiro é o propósito, despois ven o instrumento.....	8
b) As claves para unha avaliación formativa son:.....	8
5. Cualificacións (notas) e retroalimentación (feedback).....	9
a) "As notas devoran todo".....	9
b) Definicións de feedback:.....	9
c) Como facer ben unha retroalimentación:.....	10
d) Retroalimentación entre iguais.....	11
6. Cambios a nivel centro.....	12
7. Deseño da avaliación.....	13
8) Estratexias para avaliar durante a aprendizaxe.....	16
9) A avaliación sumativa.....	18
a) Consellos sobre Instrumentos de Avaliación Sumativa.....	18
b) Estratexias para Mellorar a Avaliación Sumativa.....	19
Bibliografía:.....	20

A avaliación do alumnado

A avaliación formativa como estratexia de aprendizaxe continua.

1. Introducción

A avaliación **formativa** é unha ferramenta esencial no proceso educativo que busca **mellorar** a **aprendizaxe** dos estudantes a través da **retroalimentación continua** e **específica**. A diferenza da avaliación sumativa, que se centra en medir os resultados finais dos estudantes mediante exames e calificacións, a avaliación formativa pon o énfase no proceso de aprendizaxe e nas melloras continuas.

No sistema educativo tradicional, a **avaliación sumativa impregna a organización das clases** e as prácticas docentes. Esta forma de avaliación, centrada en poñer notas, adoita crear un ambiente onde os estudantes se enfocan máis en obter boas calificacións que en entender e interiorizar os coñecementos. Ademais, a excesiva dependencia das notas pode provocar ansiedade nos estudantes e dificultar a súa motivación intrínseca por aprender.

Pola contra, a avaliación formativa promove un enfoque máis equilibrado e significativo. A través de actividades de autoavaliación, coavaliación e rúbricas detalladas, os estudantes reciben retroalimentación constante que lles axuda a identificar as súas fortalezas e áreas de mellora. Desta maneira, a avaliación formativa non só favorece a aprendizaxe profunda, senón que tamén fomenta a autorreflexión e a responsabilidade no propio proceso de aprendizaxe.

En resumo, é necesario avanzar cara a un sistema educativo que reduza a énfase nas notas e aposte por métodos de avaliación que realmente contribúan ao desenvolvemento integral dos estudantes. A avaliación formativa, coa súa orientación cara ao proceso e a mellora continua, preséntase como unha alternativa eficaz e necesaria para lograr este obxectivo.

2. Para que avaliamos?

Esta pregunta tería unha variedade de respostas moi ampla, pero ao final temos dous grandes grupos de respostas:

- Respostas relacionadas coa **aprendizaxe** do alumnado, no sentido de facilitar información para a súa mellora
- Respostas relacionadas coa **cualificación**, no sentido de **certificar** un nivel de coñecementos ou aprendizaxes.

O alumnado soe ter unha percepción máis acotada, xa que a maioría pensa que avaliar é poñer notas ou aprobar unha determinada área.

Entón, para que avaliamos?

a) Avaliación Formativa:

Obxectivos:

- **Mellorar a aprendizaxe dos estudantes:** A avaliación formativa céntrase en identificar as necesidades dos estudantes durante o proceso de aprendizaxe, permitindo aos docentes axustar as súas estratexias de ensino.
- **Proporcionar retroalimentación útil:** Ofrecer información clara e construtiva sobre o progreso, destacando fortalezas e áreas de mellora.
- **Fomentar a autonomía e a autorregulación:** A través da autoavaliación e a reflexión, os estudantes aprenden a ser conscientes do seu propio proceso de aprendizaxe.
- **Identificar erros como oportunidades de aprendizaxe:** Utiliza os erros como punto de partida para comprender que aspectos necesitan máis atención e práctica.
- **Axustar a práctica docente:** Adaptar os métodos de ensino ás necesidades específicas dos estudantes.
- **Promover unha cultura de mellora continua:** Crear un ambiente onde tanto docentes como estudantes están comprometidos coa aprendizaxe e a superación constante.

b) Avaliación Sumativa:

Obxectivos:

- **Cualificar ou Certificar:** Medir o rendemento dos estudantes ao final dun período para asignar cualificacións ou certificar logros.
- **Rendición de Contas:** Proporcionar unha medida obxectiva do rendemento dos estudantes, docentes ou institucións educativas, útil para políticas públicas e decisións administrativas.

c) Estratexias de Avaliación

- **Formativa:** Inclúe actividades como autoavaliación, coavaliación, uso de rúbricas e retroalimentación continua.
- **Sumativa:** Utiliza probas estandarizadas, exames finais, proxectos finais e presentacións orais.
- **Diagnóstica:** Realízase ao comezo dun proceso para identificar coñecementos previos dos estudantes.
- **Autoavaliación e coavaliación:** Fomenta a autorreflexión e o aprendizaxe colaborativo.

Ao centrarse en "menos notas e máis retroalimentación" (*M. Morales, J. Fernández, 2022*) a avaliación formativa promove un ambiente onde o alumnado pode medrar e desenvolverse, sen a presión constante das cualificacións.

3. Como é a avaliación formativa?

- Pretende lograr maiores e mellores aprendizaxes, non certificar coñecementos.
- Promove unha maior eficacia nos procesos de aprendizaxe mediante a regulación.
- Para implantala, debemos ter en conta tres pasos:
 - a) A recollida de evidencias.
 - b) A análise.
 - c) A toma de decisións.
- A fiabilidade depende de se o axuste ao obxectivo é preciso.
- Non é algo trimestral, mensual ou semanal.
- Debe suceder á vez que á aprendizaxe.
- Implica cambios a nivel metodolóxico:
 - a) Introducir rúbricas.
 - b) Refacer boletíns e notas.
 - c) Refacer a información cualitativa.
 - d) Reler o currículo para ceñirse aos criterios de avaliación.
 - e) Acordar melloras na avaliación formativa:
 - Probas iniciais.
 - Retroalimentación para refacer.
 - Menos notas e máis feedback.
 - Pautas comúns para a elaboración dun portfolio.
 - Check dixital.
 - Non corrixir textos escritos (ofrecer lista de criterios, coavaliación) e permitir segunda entrega.

4. Propósito da avaliación formativa.

a) O primeiro é o propósito, despois ven o instrumento.

Non debemos cometer o erro de elaborar instrumentos de avaliación antes de ter claro o propósito da tarefa.

O elemento máis empregado é a rúbrica, que está popularizada e estendida entre o profesorado. Permite definir niveis de logro nas aprendizaxes do alumnado, polo que nos facilita - e tamén ás nenas e nenos - comprobar onde se atopan e analizar os aspectos nos que poden progresar. Deben ser entregadas antes do inicio da tarefa, de tal xeito que saiban en todo momento cales son os obxectivos.

Advertencia! Se a rúbrica emprégase para cualificar, a súa finalidade é sumativa, non formativa.

Prevención! Se os indicadores de logro das rúbricas non son concretos, estaremos pervertendo o instrumento e soamente servirá para que a nosa conciencia teña a sensación de que estamos a ser obxectivos.

b) As claves para unha avaliación formativa son:

- Potencial para facer crecer á persoa.
 - Podes mellorar se centras os teus esforzos en elo.
- Que aspectos da miña linguaxe favorecen a reflexión e a aprendizaxe?
- Que organización social favorece a mellora dos meus alumnos?
- Que instrumentos de cualificación favorecen máis a implicación?
- Que estratexias da formativa logran que o alumnado recoñeza en si mesmo e no entorno aspectos que descoñecía e lle fan crecer?
- Carácter interpersonal.

5. Cualificacións (notas) e retroalimentación (feedback)

a) "As notas devoran todo"

Cando poñemos unha nota, toda a atención do alumnado irá directamente a ella, raro é que se realicen análises máis profundas pola súa parte en canto á súa aprendizaxe.

Hai un estudio (Ruth Butler, 1988) no que a tres grupos de alumnado se lles entregan uns traballos corrixidos. Ao primeiro grupo danlle unicamente a nota, ao segundo grupo soamente comentarios cualitativos (retroalimentación) ao terceiro, nota e comentarios.

Repetiron o exercicio, os do primeiro grupo non melloraron os seus resultados, os do segundo grupo melloraron significativamente (en torno a un 30%) e os do terceiro...tiveron resultados similares. Por que? Porque a nota absorbe a atención.

Resultará frecuente ver que as comparacións de notas producen un efecto inmediato de subida de motivación (nota por encima das súas expectativas) ou de desmotivación (nota por debaixo das expectativas ou constatación da debacle esperada).

En definitiva, a nota non aporta a información necesaria para mellorar máis aló "traballar máis", "esforzarse máis" ou "fixarse máis a próxima vez".

A retroalimentación envía unha primeira mensaxe ao alumnado sobre o interese que suscita en nós o seu traballo, percibe que dedicamos tempo para facerlle valoracións de cara á súa mellora, máis aló de asignarlle un número.

b) Definicións de feedback:

- Definición de Feedback (Hattie & Timperley, 2007)

"O feedback é a información que se lle proporciona a unha persoa sobre o seu desempeño, co obxectivo de reducir a diferenza entre onde está e onde necesita estar."

- Definición de Feedback (Sadler, 1989)

"O feedback é un proceso mediante o cal se lle ofrece ao estudante información sobre o seu progreso, permitíndolle comprender como mellorar o seu desempeño."

- Definición de Feedback (Black & Wiliam, 1998)

"O feedback é unha información que se lle ofrece ao estudante sobre o seu traballo, coa intención de guíalo cara á mellora do seu desempeño e comprensión."

- Definición de Feedback (Nicol & Macfarlane-Dick, 2006)

"O feedback é un diálogo entre docentes e estudantes que permite a estes últimos comprender como mellorar o seu aprendizaxe e alcanzar os obxectivos propostos."

- Definición de Feedback (Mariana Morales e Juan Fernández)

"O feedback é unha ferramenta esencial na avaliación formativa que proporciona información clara e construtiva ao estudante, permitíndolle reflexionar sobre o seu progreso e tomar decisións para mellorar o seu aprendizaxe."

Extraemos a conclusión de que cando o alumnado sabe o que necesita saber e a razón pola cal necesita facelo desenvolve un sentimento de ter o control da súa propia aprendizaxe (factor motivacional) (J. Fernández e M. Morales, 2022).

c) Como facer ben unha retroalimentación:

- Elixir o momento oportuno

A pesar de ser un proceso relativamente continuo, hai momentos máis efectivos. Resulta máis útil cando aínda hai algún motivo para seguir traballando e mellorar o que están a facer.

Isto implica, en certo modo, facer menos actividades e aumentar o percorrido das que levemos a cabo. Será necesario romper o estigma de que realizar por segunda vez unha tarefa é porque está realmente mal.

- Cantidade

Ao principio será necesaria unha frecuencia alta, pero un obxectivo será ir reducindo as intervencións para deixar ao alumnado tempo para pensar e analizar. Deben ir resolvendo problemas por si mesmos (resultará máis sinxelo se teñen unha guía ou unha rúbrica clara para facer fronte á tarefa) ao mesmo tempo que podemos formular preguntas que os fagan reflexionar.

Como regra xeral, o feedback debe deixar marxe para pensar, é dicir, debe ser mínimo, directo e claro.



d) Retroalimentación entre iguais.

É unha excelente idea, pero que xera reticencias na súa aplicación polas dificultades que nos podemos atopar para a súa aplicación.

Esas reticencias poden ser:

- Medo a que as valoracións sexan máis de índole persoal ou por afinidade (ou ausencia dela)
- A calidade pode depender da motivación.
- Existencia de prexuízos (sobre listas/os e menos competentes)

Para minimizar eses medos será necesario ter ferramentas e estratexias que lle faciliten ao alumnado este labor de corrección:

- Criterios de logro claros en guías de corrección ou rúbricas ben detalladas.
- Modelos de feedback
- A retroalimentación debe referirse unicamente aos criterios e debe ser cualitativo.
- Debe existir a posibilidade de refacer e segunda entrega.

6. Cambios a nivel centro

Os cambios na avaliación deben xerar unha reflexión a nivel de centro, levar a cabo iniciativas individuais é moi loable, pero terán un percorrido limitado. Xerar unha cultura de centro non é sinxelo, pero facilitará que o alumnado e familias se habitúen a este enfoque. Será necesario:

- Pensar nos valores da avaliación a nivel centro.
- Implantar cambios a medio / longo prazo
- Implicación de todos os departamentos
- Práctica reflexiva e compartida
- Reflectir os cambios en documentos e sistematizalos

Para modificar unha rutina, Harry Fletcher Wood (2018), propón:

- Identificar unha necesidade.
- Elixir un cambio.
- Elixir unha medida.
- Manter o cambio.
- Cambiar, refinar, avaliar.
- Convertelo en rutina.
- Compartir.
- Repetir.

7. Deseño da avaliación

Despois do fundamento teórico é o momento de concretar e darlle forma á avaliación formativa.

- a) O primeiro aspecto e fundamental é ter moi claros os obxectivos da aprendizaxe e das tarefas concretas que formulamos.

Materia	Obxectivo Confuso	Obxectivo Claro	Contexto de aprendizaxe
Matemáticas	Ser capaz de resolver ecuacións de segundo grao.	Ser capaz de resolver problemas que requiren modelos matemáticos.	Ecuacións de segundo grao.
Bioloxía	Ser capaz de explicar o proceso da fotosíntese.	Ser capaz de explicar procesos biolóxicos complexos.	A fotosíntese
Xeografía	Ser capaz de identificar os ríos de España.	Ser capaz de analizar e interpretar mapas xeográficos.	Os ríos de España
Historia	Ser capaz de describir as causas da Revolución Francesa.	Ser capaz de analizar causas e consecuencias de procesos históricos.	A revolución francesa

- b) Empregar modelos e exemplos:

Pedir unha "resposta curta" ou "resposta longa" pode ser extremadamente difuso, por iso o emprego de exemplos axuda a xerar representacións mentais e facilitar ter claro o que temos que facer.

- Compartir modelos de éxito.
- Compartir modelos de éxito vs modelos de menor nivel (comparar diferenzas).

En canto aos exemplos, podemos recorrer ás seguintes estratexias:

- Exemplos resoltos.



- Exemplos para completar.

c) Criterios a través de rúbricas:

Expresan melloras lineais e secuenciais. Enumeran moitos aspectos, pero cada mellora vese nunha soa liña, o cal non é apropiado para todo tipo de traballo.

Soen acoutar as solucións aos problemas, sobre todo en tarefas abertas.

Para facelas máis eficaces podemos construílas analizando modelos e valorándoos como ferramenta que axude a lembrar as características desexables do modelo e os criterios de avaliación.

d) Coñecementos previos: evocar

Evocar é a mellor ferramenta para activar coñecementos previos. Recuperar da memoria esa información é unha excelente práctica para xerar aprendizaxe.

Espazar as prácticas de evocación no tempo aumenta o esforzo mental e ten beneficios na memoria a longo prazo.

Algunhas técnicas para a evocación son:

- O cartel para lembrar
- "Download" ou "descarga" (empregando pistas ou imaxes)
- Polis e cacos

e) Avaliación diagnóstica

- O ideal é facela ao inicio do proceso para obter información e tomar decisións.
- O proceso non é soamente inicio de curso, senón cada secuencia didáctica ou nova aprendizaxe.
- Algunhas técnicas poden ser:
 - Verdadeiro ou falso
 - Q-sort
 - Elixir ao intruso



Exemplo de Q -sort (M. Morales e J. Fernández, 2022)

Muy en desacuerdo	En desacuerdo	Ni de acuerdo ni en desacuerdo	De acuerdo	Muy de acuerdo
Da instrucciones para solucionar el problema.	Deben tener un final feliz.	Hay un héroe y un personaje malo.	Deben tener un título relacionado con la historia.	Deben tener un título.
	Comienzan con "Había una vez ...".	Hay un protagonista.	Hay personajes principales y secundarios.	
	No describen el lugar ni los personajes.	Deben tener un final.	Tienen planteamiento, nudo y desenlace.	
	Se acaban con "Cuento contado, cuento acabado".	Describen con detalle los personajes.	Hay un problema que debe resolverse.	
		Se explica dónde y cuándo pasa la historia y cómo son los personajes.		
		Debe tener aventuras.		

8) Estratexias para avaliar durante a aprendizaxe

- Preguntas bisagra:

Son preguntas de diferente formato que nos indican o nivel de comprensión de cada alumna/o da clase, xa que todas/os responderán (Wyle e William, 2006)

- Opción múltiple
- Verdadeiro ou falso
- Como elaborar preguntas bisagra
 - Buscar a comprensión: evitar a memorización de datos e fechas, elixir preguntas relacionadas coa comprensión.
 - Identificar erros comúns: as opcións incorrectas representarán os erros máis frecuentes entre o alumnado.
 - Simplificar: cada pregunta debe abordar unha idea. Non deben solaparse ideas, eliminando elementos que provoquen distraccións.
- Pase de saída
- Parada de tres minutos
- Feedback colectivo
- Escaleira do feedback:
 - Preguntas aclaratorias: docente pregunta o que precisa para comprender o que fixo o alumnado e o porqué.
 - Aspectos positivos: o mestre destaca algúns aspectos positivos do realizado, relacionado cos criterios compartidos.
 - Inquedanzas. Preguntas. Perspectivas diferentes: o docente expresa as inquedanzas e intenta aportar novas perspectivas.
 - Suxerencias: para rematar, propóñense melloras concretas e asumibles.

- Motivación e metacognición

A metacognición, ou a capacidade de reflexionar sobre os propios procesos de pensamento, desempeña un papel crucial na avaliación formativa ao fomentar a autorreflexión e a autorregulación nos estudantes. Cando os estudantes son conscientes das súas propias fortalezas e áreas de mellora, poden establecer metas de aprendizaxe máis realistas e tomar decisións informadas sobre como abordar tarefas e desafíos. Este proceso de reflexión non só aumenta a motivación intrínseca, ao proporcionar un sentido de control sobre o seu propio aprendizaxe, senón que tamén mellora o rendemento académico ao permitir axustes oportunos e precisos nas estratexias de estudo. Así, a metacognición potencia a eficacia da avaliación formativa ao situar aos estudantes no centro do seu propio desenvolvemento educativo.

- Autovaliación

Implica ao alumnado na autoobservación e formulación de xuízos sobre o seu traballo. Favorece a identificación das discrepancias entre o rendemento actual e o desexado (Mcmillan e Hearn, 2008)

Supón a comparación cuns criterios e a toma de decisións sobre os pasos seguintes.

- Coavaliación
 - Pregunta a outros tres antes que a min
 - Eu – ti- nós
 - Clasificación de erros

9) A avaliación sumativa

Ao final do proceso, gústenos ou non, temos que asignar unha cualificación, un número, ao noso alumnado en cada área.

Esta avaliación, con fin certificador, pode ser empregada como elemento motivador ou premiador, algo que pode chegar a ser perigoso.

Debemos intentar non perder a rigorosidade e ser obxectivos e, para iso, volvemos insistir na avaliación criterial. Partindo do criterio de avaliación podemos establecer indicadores de logro por debaixo dese criterio e por riba del, sen esquecer o falado en puntos anteriores sobre claridade.

Hai centros que buscan alternativas á cualificación numérica ou que complementan ese número con informes cualitativos sobre o alumnado.

En calquera caso, o proceso para poñer "nota" débemolo ter claro, así como os instrumentos para levala a cabo.

a) Consellos sobre Instrumentos de Avaliación Sumativa

1. Uso de Rúbricas Detalladas:

- As rúbricas axudan a clarificar os criterios de avaliación e a asegurar unha avaliación coherente e xusta. Detallan os niveis de desempeño para cada criterio, proporcionando unha guía clara tanto para os estudantes como para os docentes.

2. Probas e Exames:

- As probas e exames deben incluír unha combinación de preguntas de opción múltiple, preguntas abertas e problemas prácticos. Isto permite avaliar unha ampla gama de habilidades e coñecementos, desde a memoria ata a aplicación práctica.

3. Proxectos Finais:

- Os proxectos finais son unha boa forma de avaliar a comprensión global dos estudantes sobre un tema. Poden incluír investigacións, maquetas, presentacións, entre outros, e deben ser avaliados mediante rúbricas claras.

4. Portafolios de Estudantes:

- Os portafolios permiten recoller e avaliar o traballo dos estudantes ao longo do tempo. Inclúen unha variedade de traballos seleccionados tanto polos

estudiantes como polos docentes, acompañados de reflexións sobre o proceso de aprendizaxe.

5. Presentacións Oraís:

- As presentacións orais son útiles para avaliar a capacidade dos estudantes para comunicar as súas ideas de forma efectiva. Deben ser avaliadas con criterios claros que inclúan aspectos como a claridade, a organización e a calidade do contido.

6. Autoavaliación e Coavaliación:

- Incluír compoñentes de autoavaliación e coavaliación na avaliación sumativa. Estes procesos fomentan a autorreflexión e proporcionan feedback adicional para os estudantes.

7. Exames Prácticos ou de Rendemento:

- Estes exames avalían habilidades prácticas e a capacidade de aplicar o coñecemento en situacións reais. Son especialmente útiles en áreas como a ciencia, a tecnoloxía e as artes.

b) Estratexias para Mellorar a Avaliación Sumativa

1. Claridade nos Criterios de Avaliación:

- Asegurarse de que os estudantes comprendan os criterios de avaliación e como serán avaliados desde o principio.

2. Diversificación de Instrumentos de Avaliación:

- Utilizar unha variedade de instrumentos de avaliación para obter unha visión completa do aprendizaxe dos estudantes.

3. Retroalimentación Construtiva:

- Proporcionar retroalimentación específica e construtiva incluso na avaliación sumativa para axudar aos estudantes a comprender as súas áreas de mellora.

4. Integración coa Avaliación Formativa:

- Aliñar a avaliación sumativa coas prácticas de avaliación formativa para que ambas se complementen e reforcen o aprendizaxe.

Bibliografía:

Este documento pode considerarse un resumo do libro *La evaluación formativa*, de Mariana Morales e Juan Fernández, xa que a estrutura dos contidos está collida basicamente del.

A maiores, hai outras dúas obras das que se colleu información para elaboralo.

SANMARTÍ, N: *Evaluar para aprender*. Graó. Barcelona, 2007.

ZARIQUIEY, F: *Cooperar para aprender*. SM. 2016